

MEMORIA XUSTIFICATIVA DA ADDENDA AO CONVENIO ENTRE A CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E A ASOCIACIÓN DE CRIADORES DA RAZA PORCO CELTA (ASOPORCEL) PARA A EXECUCIÓN DE ACTIVIDADES DE RECUPERACIÓN, CONSERVACIÓN E FOMENTO DA RAZA PORCINA PORCO CELTA, COFINANCIADO CO FONDO EUROPEO AGRÍCOLA DE DESENVOLVEMENTO RURAL (FEADER), NO MARCO DO PDR DE GALICIA 2014_2020.

Esta consellería do Medio Rural é o órgano da Administración autonómica que ten atribuído o exercicio das competencias en materia de desenvolvemento das accións necesarias para a ordenación, fomento e control da produción gandeira, así como na elaboración e execución dos programas de conservación e fomento dos recursos zootécnicos autóctonos de Galicia e, en consecuencia, nos programas de mellora xenética do gando, tal como se recolle no Decreto 149/2018, do 5 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural e se modifica parcialmente o Decreto 177/2016, do 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia.

No mencionado ámbito material, constitúe un dos obxectivos a conservación dos recursos zootécnicos autóctonos de Galicia en perigo de extinción.

Antecedentes

O 03/01/2020 asinouse o Convenio entre a Consellería do Medio Rural e a Asociación de Criadores da Raza Porco Celta (ASOPORCEL) para a execución de actividades de recuperación, conservación e fomento da raza porcina Porco Celta, cofinanciado co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER), no marco do PDR Galicia 2014_2020. O convenio foi subscrito no marco da medida 10.21 do Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia para o período 2014-2020.

A cláusula segunda, obrigas de ASOPORCEL, do convenio asinado establece a obriga de: 'Participar anualmente nos eventos Feira Internacional Semana Verde de Galicia e SALIMAT, por tratarse do principal escaparate do sector a nivel autonómico, coa presenza da raza Porco Celta e os seus produtos derivados...'

No seu comunicado do 15 de abril de 2020 a Fundación Semana Verde de Galicia anunciou a súa decisión de adiar os eventos Feira Internacional Semana Verde de Galicia e SALIMAT ata o



2021, polo que resulta imposible, por causas de forza maior, cumprir no 2020 coa obriga recollida no convenio.

O impacto ocasionado pola pandemia do COVID-19, tanto dende a perspectiva sanitaria como socioeconómica, esixe a toma de medidas adecuadas polos distintos niveis das administracións e poderes públicos para facer fronte aos seus efectos.

Deste xeito, mediante o Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, declarouse o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria orixinada pola citada pandemia.

O Consello da Xunta de Galicia do 24 de abril aprobou o Acordo do 3 de abril de 2020, sobre a continuación da tramitación de determinados expedientes e procedementos en materia de subvencións, no eido da Administración xeral e das entidades do sector público autonómico. No seu apartado 7 establece: “Deste modo, ademais da posible ampliación dos prazos aludida anteriormente, os órganos concedentes poderán de forma motivada, de acordo cos principios de eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados na subvención e de eficiencia na asignación e utilización de recursos públicos, e de acordo cos principios de obxectividade, igualdade e non discriminación entre as persoas beneficiarias, autorizar a modificación das condicións de concesión das subvencións outorgadas cando a execución das actividades ou prestación dos servizos obxecto de subvención, na forma na que estaban previstos, debeñan total ou parcialmente imposibles como consecuencia do COVID-19 ou das medidas adoptadas polas Administracións Públicas para combatelo, na parte cuxa execución se volva imposible, desde que se producise a situación de feito que impide a súa execución ou prestación e ata que a dita execución ou prestación poida reanudarse.”

O sentido da obriga de participar anualmente na Feira Internacional Semana Verde de Galicia e SALIMAT persegue a difusión das razas autóctonas. Unha vez que os eventos foron suspendidos no ano 2020, compre liberar o orzamento destinado a este fin para poder realizar outras actividades de promoción que poidan paliar, aínda que sexa en parte, a ausencia desta plataforma de difusión das razas autóctonas e os seus produtos.

Finalidade

A finalidade da Addenda é modificar o contido da Cláusula Décimo Sétima do convenio, liberando o orzamento destinado no 2020 á participación nos eventos Feira Internacional Semana Verde de Galicia e SALIMAT para poder destinalo a outras actividades de promoción das previstas no convenio.



A addenda ao convenio que se pretende asinar fundaméntase no seguinte:

A cláusula segunda, obrigas de ASOPORCEL, do convenio asinado establece a obriga de: 'Participar anualmente nos eventos Feira Internacional Semana Verde de Galicia e SALIMAT, por tratarse do principal escaparate do sector a nivel autonómico, coa presenza da raza Porco Celta e os seus produtos derivados...'

Posteriormente na cláusula décimo sétima, vixencia do convenio e financiamento, asigna para a participación no evento indicado no expoñendo cuarto unha cantidade de 52.000 €: 'Asínase para o período 2020-2022, coa seguinte dotación máxima para cada unha das anualidades do convenio:

- 160.000 € para o ano 2020, dos que 52.000 € estarán destinados á participación nos eventos Feira Internacional Semana Verde de Galicia e SALIMAT.'

Por medio da presente addenda modifícase a cláusula décimo sétima do convenio, liberando o importe destinado no 2020 á participación nos eventos Feira Internacional Semana Verde de Galicia e SALIMAT, co fin de poder destinalos a outras actividades de promoción. Modifícase tamén o *Anexo II. Cadro de previsión de actuacións e custos anuais* para o ano 2020.

Por todo o anterior, solicítase a tramitación da Addenda ao Convenio entre a Consellería do Medio Rural e a Asociación de Criadores da Raza Porco Celta (ASOPORCEL) para a execución de actividades de recuperación, conservación e fomento da raza porcina Porco Celta, cofinanciado co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER), no marco do PDR Galicia 2014_2020. O convenio foi subscrito no marco da medida 10.21 do Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia para o período 2014-2020.

O director xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias

P.S. Resolución do 9 de xuño de 2020

O director xeral de Desenvolvemento Rural

Asinado dixitalmente

